





Problema301: Razona a natureza dos enlaces que darían a) o elemento de número atómico 11 co de número atómico 17; b) o elemento de número atómico 12 co de número atómico 17; c) o elemento de número atómico 13 co de número atómico 17; d) o elemento de número atómico 15 co de número atómico 17.

a)




O elemento de número atómico 11 ten unha configuración que o sitúa nos metais alcalinos, o elemento de número atómico 17 ten unha configuración que o sitúa nos elementos halóxenos. Os alcalinos en presenza dun halóxeno tenden a formar ións positivos e o halóxeno capta ese electrón para dar ións negativos, as forzas de interacción electrostática favorecen a formación dun composto iónico entre eles.

b)





O elemento de número atómico 12 ten unha configuración que o sitúa nos metais alcalinotérreos, o elemento de número atómico 17 ten unha configuración que o sitúa nos elementos halóxenos. Os alcalinotérreos en presenza dun halóxeno tenden a formar ións positivos e o halóxeno capta eses electróns para dar ións negativos, as forzas de interacción electrostática favorecen a formación dun composto iónico entre eles.

c)



O elemento de número atómico 13 ten unha configuración que o sitúa no grupo do B, o elemento de número atómico 17 ten unha configuración que o sitúa nos elementos halóxenos. O aluminio, que ten propiedades metálicas, en presenza dun halóxeno tenden a formar ións positivos e o halóxeno capta eses electróns para dar ións negativos, as forzas de interacción electrostática favorecen a formación dun composto iónico entre eles.

d)



O elemento de número atómico 15 ten unha configuración que o sitúa no grupo do N, o elemento de número atómico 17 ten unha configuración que o sitúa nos elementos halóxenos. Os primeiros elementos do grupo do N son non metais, igual que os halóxenos teñen tendencia a captar electróns para completar o octeto. Tenderán por tanto a compartir electróns para formar enlaces covalentes entre eles.